

## 2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: realización de probas de densitometría ósea para o Complexo Hospitalario Xeral-Calde de Lugo.

b) División por lotes e número: non.

c) Lugar de execución: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Prazo de execución: un ano desde a formalización do contrato.

## 3. Tramitación, procedemento e forma de adjudicación.

a) Tramitación: urxente.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma de adjudicación: mellor oferta tendo en conta os seguintes criterios:

	Concepto	Puntuación
1	Oferta económica	0-50
2	Equipamento	0-30
3	Instalacións	0-15
4	Medios persoais	0-5

4. Orzamento base de licitación: setenta e oito mil euros (78.000 €) sen IVE. Véxase o punto 3.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

5. Garantía provisional: non se exige.

## 6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Servizo Galego de Saúde.

b) Domicilio: edificio administrativo San Lázaro, 2ª planta.

c) Localidade e código postal: 15781 - Santiago de Compostela.

d) Teléfono: 881 54 27 78.

e) Telefax: 881 54 27 62.

f) Data límite de obtención de documentos e información: antes das 14.00 horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

## 7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: non.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

## 8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: antes das 14.00 horas do oitavo día natural contado a partir do seguinte ao da publicación desta resolución no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral da Consellería de Sanidade e Servizo Galego de Saúde (véxase o punto 5.2 do prego de cláusulas administrativas particulares).

d) Prazo en que o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: dous meses contados desde a data de apertura das proposicións para a adxudicación provisional.

e) Admisión de variantes: non.

9. Apertura das ofertas: Servizo Galego de Saúde (apertura do sobre C).

Hora: publicarase no perfil do contratante [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

Lugar: edificio administrativo San Lázaro (Santiago de Compostela).

Data: publicarase no perfil do contratante:

[www.sergas.es](http://www.sergas.es)

10. Outras informacións: véxase o prego de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: si, por conta do adxudicatario. Véxase o punto 3.6 do prego de cláusulas administrativas particulares.

12. Páxina web onde se pode obter información relativa á convocatoria ou onde se poden obter os pregos: perfil do contratante: [www.sergas.es](http://www.sergas.es).

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2009.

P.D. (Decreto 46/2006, Orde 8-5-2006)  
Cayetano Rodríguez Escudero  
Secretario xeral do Servizo Galego de Saúde

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DA CORUÑA

*Anuncio de concurso (referencia O-51/2009).*

1. Entidade adjudicadora: Concello da Coruña.  
a) Dependencia: Sección de Contratación. b) Número de expediente: O-51/2009.

2. Obxecto do contrato: execución das obras comprendidas no proxecto de construción de polideportivo en Mesoiro. Prazo de execución: oito meses.

3. Tramitación: urxente. Procedemento: aberto con diversos criterios de valoración.

4. Orzamento: 1.960.168 € (IVE incluído) financiado con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local.

5. Garantía provisional: non se exige.

6. Obtención de documentación e información: a) Entidade: véxase punto 1. b) Enderezo: pza. de M<sup>a</sup> Pita, 1-2º. c) Localidade: 15001 A Coruña. d) Teléfono: 981 18 42 19. e) Fax: 981 18 42 71. f) Correo electrónico: contratacion@aytolacoruna.es. g) Data límite de obtención de documentos e información: ata o día de finalización do prazo de presentación de proposicións na web municipal: www.coruna.es. (Perfil do contratante).

7. Clasificación: C-2-b), C-3-b), C-4-b), C-6-b), C-7-b), C-8-b) e C-9-b).

8. Presentación de proposicións: a) Prazo: trece días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, e que remata ás 13.00 horas. No caso de resultar sábado o día de finalización do prazo, quedará automaticamente prorrogado ao día hábil seguinte. b) Documentación que hai que presentar: véxase prego de cláusulas administrativas particulares. c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de Entrada.

9. Apertura de proposicións económicas: a) Lugar: véxase punto 6. b) Data: publicarase no taboleiro de anuncios de contratación e/ou perfil do contratante.

10. Outras informacións: véxase prego de cláusulas administrativas.

11. Gastos de anuncios: por conta do adxudicatario.

A Coruña, 5 de febreiro de 2009.

P.D.

Carlos González-Garcés Santiso  
Tenente alcalde delegado de Relacións  
Institucionais, Educación e Festas

## CONCELLO DE VEDRA

*Anuncio da aprobación inicial do Plan especial de infraestruturas e dotacións.*

Aprobado inicialmente pola Xunta de Goberno, en sesión do 13 de xaneiro de 2009, o Plan especial de infraestruturas e dotacións para dotación de servizos asistenciais na parroquia de Vedra, previsto no vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal, e de conformidade co disposto no artigo 86.1º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e as súas modificacións, sométese a información pública polo prazo dun mes contado desde a publicación deste anuncio no DOG.

Durante o mencionado prazo, poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias muni-

cipais, para que se formulen, de ser o caso, as alegacións que se consideren pertinentes.

Quedan suspendidas as licenzas no ámbito obxecto do plan especial mencionado.

Vedra, 14 de xaneiro de 2009.

Odón C. Cobas García  
Alcalde

## CONCELLO DE VIGO

*Anuncio do proxecto expropiatorio por taxación conxunta da área dotacional número 1 do PERI da zona vella. Parcelas 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa Celso Emilio Ferreiro. Aprobación inicial. Expediente 206/413.*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na sesión extraordinaria e urxente do 5 de decembro de 2008, adoptou o seguinte acordo:

«Primeiro.-Aprobar inicialmente o proxecto expropiatorio por taxación conxunta da área dotacional número I do Plan Especial de Protección e Reforma Interior da zona vella de Vigo, referido ao conxunto de parcelas con edificacións en mal estado sinaladas cos números 2, 4, 6, 8, 10 e 12 da rúa Celso Emilio Ferreiro, descritas no proxecto expropiatorio elaborado polas oficinas de planeamento e xestión e barrios históricos da Xerencia Municipal de Urbanismo do 24-11-2008 (expediente 206/413).

Segundo.-Proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo dun mes, mediante publicación de anuncios no DOG e nun xornal dos de maior circulación da provincia, con notificación individualizada das follas separadas de valoración e da proposta de fixación dos criterios de valoración a todos os que aparecen como titulares de bens ou dereitos.

Terceiro.-Practicar a notificación do inicio do expediente expropiatorio no Rexistro da Propiedade, de acordo co establecido no artigo 22 do Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, de inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística».

O expediente estará á disposición do público xeral, durante o prazo de información pública establecido, no Departamento Municipal de Información de Urbanismo, situado na planta baixa do edificio da Xerencia Municipal de Urbanismo (praza do Rei, s/n, 36202 Vigo), en horario de 9.00 a 13.30 horas, para a súa consulta e a presentación de cantos documentos ou alegacións se consideren oportunos.

Vigo, 9 de xaneiro de 2009.

Abel Caballero Álvarez  
Alcalde